



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 19 DE  
SETEMBRO DE 2011**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día dezanove de setembro de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa dona Maria Jesús González Roel.

Asiste don Hugo Hernández Quintas, asesor.

Intervén como secretaria accidental da Corporación dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 12 de setembro de 2011.**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 12 de setembro de 2011 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

**2º.- Correspondencia.**

- Escrito de dona Victoria Amor Prieto, concelleira do Bloque Nacionalista Galego, rexistrado de entrada o día 14 de setembro de 2011 co número 15.083, no que comunica que estará ausente do termo municipal dende o día 17 ao 24 de novembro do ano que andamos, ambos os dous incluídos.

- Orde do 7 de setembro de 2011, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se deixa sen efecto a Orde do 3 de xaneiro de 2011, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e mellora dos seus locais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, co cofinanciamento de fondos Feder. (Diario Oficial de Galicia número 177, de 15 de setembro de 2011).

- Orde do 6 de setembro de 2011, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se deixa sen efecto a Orde do 12 de xaneiro de 2011, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, para o equipamento e a mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, co cofinanciamento de fondos Feder. (Diario Oficial de Galicia número 177, de 15 de setembro de 2011).

- Resolución do 2 de setembro de 2011, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética para o exercicio 2011, no marco do convenio suscrito entre o IDEA e o Inega o día 3 de xullo de 2008 e con financiamento en parte do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao abeiro do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013. (Diario Oficial de Galicia número 176, de 14 de setembro de 2011).

- Orde do 9 de setembro de 2011, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se modifica a Orde do 3 de marzo de 2011, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011. (Diario Oficial de Galicia número 179, de 19 de setembro de 2011).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa respecto das actuacións de mantemento en pistas parroquiais por parte da brigada, por exemplo, en Wenceslao. Así mesmo, sinala que está previsto inaugurar a pista de hóckey entre a semana que ven e a seguinte. En canto á pista de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

skate, xa están iniciadas as obras e a empresa informou que no prazo dun ou dous meses conta con rematar.

Igualmente, don Fernando Caride Suárez informa que esta semana se enviaron as invitacións ás empresas para contratar, mediante contrato menor, a conserxería do campo de fútbol do Dani Mallo e Lendoiro polo período que resta ata a finalización do exercicio 2011.

Para rematar, don Fernando Caride Suárez informa que se están a realizar xestións para intentar solucionar os problemas do tepe do Dani Mallo.

#### Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo.

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa, sobre o expediente de suplemento de crédito, que a baixa do contrato do Portofaro se empregará para a instalación de placas solares na piscina da Barcala, para impermeabilización da escola de música e para o proxecto de humanización da piscina do Graxal.

Don Felipe Andreu Barallobre informa que visitou as obras da escola de música, xunto coa concelleira de urbanismo e a arquitecta municipal, e que se detectan deficiencias sobre as que a arquitecta está a redactar un informe, pero que isto non afecta a tramitación do expediente de suplemento de crédito. Logo do informe da arquitecta municipal, estudarán a posibilidade de reclamar á empresa adxudicataria.

Suplementadas estas partidas, informa a concelleira, quedarían 40.000 €, dos cales, un dez por cento se reserva para a posible liquidación da obra e do resto, unha parte para pagar ao coordinador de seguridade e saúde da obra do Portofaro.

Así mesmo, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que se está a redactar unha ordenanza reguladora da instalación de paneis publicitarios.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Diaz informa que se está a traballar na elaboración de dúas ordenanzas: unha reguladora da instalación de terrazas e outra reguladora do procedemento e requisitos que se deben esixir para o exercicio de actividades. A aprobación destas ordenanzas requirirá a correspondente aprobación ou modificación das ordenanzas fiscais.

Igualmente, dona Rocio Vila Diaz informa sobre a existencia de vertedoiros incontrolados en Cambre e sobre o problema que se suscita en torno á limpeza de terreos. Están pensando en redactar un bando para solucionar ambos problemas.

Para concluír, dona Rocio Vila Diaz sinala que a elaboración do regulamento de actividades debería ir acompañado da implantación do SAC, dado que nas oficinas de rexistro deberán puntear a documentación que se presenta.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

En canto ao acopio de madeira en fincas municipais, don Manuel Marante Gómez propón a situación dunha en Anceis (A Rocha) e outra na Ponte do Cubo (Apeadeiro – Cecebre). Tamén visitará outra en Bribes para ver se pode dedicar a esta finalidade.

O señor alcalde sinala que esta semana tratará o tema con responsables da Xunta.

A continuación, o señor Marante propón celebrar unha xunta de voceiros extraordinaria para tratar, entre todos, de dar solución a problemas que arrastra este Concello dende hai moito tempo, por exemplo, o tema da rede de sumidoiros en Sobreguexe (Cecebre) ou a conexión da auga no Pombo (Pravio); temas aos que, sinala, xa aludira en Xuntas de Goberno anteriores.

Outro destes problemas é o da exención das taxas por conexión á rede de sumidoiros e ao servizo de auga potable a aqueles propietarios que deixaron pasar estas instalacións polas súas fincas, tratando de compensalos dalgún xeito, sinala. Deste pacto quedaba constancia escrita, salvo nalgúns casos. Agora, moitos destes propietarios solicitan o engancho gratuíto e manifestan que o Concello se comprometera e iso.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que esta semana se enviarán as bases da XXVIII edición do Certame de Pintura Concello de Cambre, ano 2011.

Igualmente, don Santiago Manuel Rios Rama informa que os vindeiros 7, 8 e 9 de outubro terá lugar a “IX xornadas castrexas” e o día 1 de outubro a coral de Cambre interpretará unha zarzuela no local da “Juventud” na parroquia de Cecebre.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Don Felipe Andreu Barallobre informa que se solicitaron orzamentos para dixitalizar o arquivo, os cales oscilan entre os 80.000 e os 300.000 euros, segundo o volume de documentación a dixitalizar.

Don Felipe Andreu Barallobre tamén informa sobre o SAC e a reestructuración.

En canto á reestructuración, será preciso rematar previamente o acondicionamento dos baixos onde se colocarán algúns departamentos, o que se fará antes de rematar este ano 2011.

En canto ao SAC, don Felipe Andreu Barallobre informa que se está informando do importe ao que pode ascender a súa implantación.

Así mesmo, solicita das distintas concellerías unha valoración dos contratos que na actualidade están en precario. Será preciso este dato para a elaboración dos orzamentos no mes de outubro.

Para concluír, don Felipe Andreu Barallobre informa que o vindeiro mércores día 21 terá lugar unha reunión con persoal de "Proyecta", empresa adxudicataria da obra do Portofaro.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

  
  
Manuel Rivas Caridad

A secretaria accidental

  
  
Verónica María Otero López

C.I.F. P-1501700-G